



Concello de Xinzo de Limia

RESULTADO DA PROBA DE GALEGO

**Proceso selección contratación temporal para a substitución dunha persoa traballadora.
Auxiliar de axuda no fogar. Convocatoria segundo decreto 19/11/2024.**

Tras a realización da proba de galego o tribunal acordou, por unanimidade dos asistentes , o resultado da proba de galego sendo o resultado o seguinte:

Aspirantes	DNI	Resultado da Proba de galego
NAVESKA ARGELIA YANES CORTEZ	***3374*	APTO

Sendo esta a aspirante con maior puntuación tras a renuncia da primeira aspirante, proponse á Alcaldía o nomeamento de dona **NAVESKA ARGELIA YANES CORTEZ para a realización dun contrato de substitución da persoa traballadora segundo as bases aprobadas por decreto de data 19/11/2024 .**

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE





Concello de Xinzo de Limia

NOTIFICACION COLECTIVA PROCESO DE SELECCIÓN DUNHA AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR, PARA A REALIZACIÓN DE CONTRATO LABORAL TEMPORAL DE SUBSTITUCIÓN DA PERSOA TRABALLADORA CONVOCATORIA PUBLICADA NO DIARIO “LA REGIÓN” DE DATA 20/11/2024 (ARTIGO 45 DA LEI 39/2015, DE 1 DE OUTUBRO DE PROCEDEMENTO COMÚN DAS ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS)

Por Decreto de Alcaldía de data 10/12/2024 resolveuse:

“DECRETO SELECCIÓN CONTRATO SUBSTITUCIÓN DA PERSOA TRABALLADORA E REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN AUXILIAR AXUDA NO FOGAR

Visto o “DECRETO DE BAREMACIÓN E CONVOCATORIA EXAME DE GALEGO. CONCURSO DE MÉRITOS CONTRATO TEMPORAL SUBSTITUCIÓN DA PERSOA TRABALLADORA AUXILIAR AXUDA NO FOGAR” de data 5/11/2024, do seguinte teor literal:

“Vista a proposta da Comisión Avaliadora, relativa ao concurso para a selección e contratación mediante contrato de substitución da persoa traballadora dun/dunha auxiliar de axuda no fogar por mor da a urxencia e inaprazable necesidade de proceder a cobertura do posto ante a ausencia da titular da praza, proposta que se recolle na acta de valoración de méritos do seguinte teor literal:

“ACTA DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN

Reunida a Comisión Avaliadora designada por Decreto da Alcaldía de 19.11.2024 na Sala de Xuntas da Casa do Concello, escusa a súa ausencia o primeiro vogal don José Manuel Estévez Franco, entendéndose o Tribunal validamente constituído en virtude do artigo 17.2 da Lei 40/2015, sendo as **12:00 horas do día 3 de decembro de 2024**, procédese ao exame da documentación presentada polos/as aspirantes para tomar parte no proceso de contratación temporal dun/dunha auxiliar de axuda no fogar axustándose ao sistema de baremos en vigor para o persoal laboral temporal, coas adaptacións oportunas recollidas no Decreto de Alcaldía de data 19.11.2024, actualizado consonte as previsións do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Lexilativo 5/2015 de 30 de outubro.

Examinada a documentación relativa ó cumprimento dos requisitos, o Tribunal admite a todas as aspirantes presentadas.

Nº REXISTRO ENTRADA	DATA	NOME	APELIDOS	DNI	ACREDITA COÑECEMENTO (CELGA 2)
2024-E-RC-7329 2024-E-RC-7367 2024-E-RC-7381 2024-E-RC-7483	21/11/24 22/11/24 25/11/24 27/11/24	NAVESKA ARGELIA	YANES CORTEZ	***3374**	NON
2024-E-RC-7377 2024-E-RC-7377	22/11/2024 25/11/2024	ROSARIO MARISOL	VALDA TARIFA	***4682**	NON
2024-E-RC-7496	27/11/24	MARIA ANGELES	LAMA LAMA	***2526**	Consta acreditado en dependencias municipais

A continuación, procédese polo Tribunal ao exame da documentación presentada polos aspirantes





Concello de Xinzo de Limia

admitidos/as para tomar parte no mentado concurso de méritos resultando a baremación segundo a seguinte orde de puntuación:

BAREMACIÓN:

NOME	APELIDOS	DNI	CIRCUNS. PERSOAIS						EXP. PROF		MERITOS ACD		PUNTUACION TOTAL
			a	b	c	d	e	f	a	b	a	b	
NAVESKA ARGELIA	YANES CORTEZ	***3374**		1					1,95		0,1		3,05
ROSARIO MARISOL	VALDA TARIFA	***4682**	0,03						1,8		0,1		1,93
MARIA ANGELES	LAMA LAMA	***2526**							2,55		0,3	0,75	3,6

O Tribunal decidiu ter en conta na baremación un contrato recente celebrado entre o Concello de Xinzo de Limia e a aspirante Naveska Argelia Yanes Cortez así como documentación acreditativa de coñecemento do idioma galego en relación a aspirantes María Ángeles Lama Lama por constar en dependencias municipais en virtude do artigo 28.2 da LEI 39/2015

Seguidamente procédese á determinación da aspirante con maior puntuación que é Dona María Ángeles Lama Lama, non sendo necesaria a realización da proba de galego por acreditarse o coñecemento do idioma. Polo tanto propónse á alcaldía o nomeamento de Dona María Ángeles Lama Lama para a realización dun contrato de substitución da persoa traballadora.

No caso de renuncia desta aspirante á sinatura do correspondente contrato de substitución da persoa traballadora, serán chamadas por este orde as aspirantes Naveska Argelia Yanes Cortez e Rosario Marisol Valda Tarifa, as cales deberán superar a proba de galego antes de ser propostas para a sinatura do contrato.

Non sendo outro o obxecto da sesión rematase esta reunión as 12:40 h, e esténdese a presente no lugar e data arriba indicados, manifestando a súa conformidade os membros da Comisión de Valoración mediante a sinatura da presente acta.”

Considerando que a proposta axústase o sistema de baremos en vigor para o persoal laboral temporal, coas adaptacións oportunas recollidas no Decreto de Alcaldía de data 19/11/2024 e máis os requisitos específicos sinalados no anuncio da convocatoria, publicado no diario La Región.

Vista a renuncia presentada por dona María Ángeles Lama Lama en data 04/11/2024 e sendo que segundo a acta de baremación a seguinte aspirante a chamar é dona Naveska Argelia Yanes Cortez, a cal deberá superar a proba de galego antes de ser proposta para a sinatura do contrato.

Considerando que a tramitación do expediente axustase ós requisitos mínimos esixidos pola lexislación sobre a materia.

Pola presente e de conformidade coas facultades conferidas á Alcaldía polo artigo 41.14 do R.D. 2568/1986 así como no artigo 21.1 h) da lei 7/85 reguladora das bases do réxime local, **veño en resolver:**

1º.- Outorgar a seguinte puntuación ós concursantes presentados e admitidos no proceso:

BAREMACIÓN:





Concello de Xinzo de Limia

NOME	APELIDOS	DNI	CIRCUNS. PERSOAIS						EXP. PROF		MERITOS ACD		PUNTUACION TOTAL
			a	b	c	d	e	f	a	b	a	b	
NAVESKA ARGELIA	YANES CORTEZ	***3374**		1					1,95		0,1		3,05
ROSARIO MARISOL	VALDA TARIFA	***4682**	0,03						1,8		0,1		1,93
MARIA ANGELES	LAMA LAMA	***2526**							2,55		0,3	0,75	3,6

2º.- Aceptar a renuncia presentada pola candidata dona María Ángeles Lama Lama, con ***2526**.

3º.- Xa que logo, convocar a seguinte candidata por orde de puntuación, dona Naveska Argelia Yanes Cortez, con D.N.I. ***3374** para a práctica da proba do exame oral de Galego que terá lugar na sala de Xuntas do Concello o día 10 de decembro 11:00 horas.

(..)

Visto que a aspirante Naveska Argelia Yanes Cortez, con D.N.I. ***3374** obtivo o resultado de apta na proba de galego.

Considerando que a tramitación do expediente axustase ós requisitos mínimos esixidos pola lexislación sobre a materia.

RESOLVO

1º.- Seleccionar á seguinte aspirante para a realización de contrato de SUBSISTUCIÓN DA PERSOA TRABALLADORA ata a reincorporación da titulares das praza ou extinción da relación de traballo da titular: .:

Naveska Argelia Yanes Cortez, con D.N.I. ***3374**

2º.- Sinalar á candidata seleccionada que deberá achegar antes da respectiva contratación nun prazo non superior a tres días hábiles a contar dende a publicación da presente resolución, a seguinte documentación, de non tela xa aportado:

**Fotocopia da cartilla de afiliación á Seguridade Social.
Certificado do Nº de Conta Bancaria para facer o ingreso da nómina.-**

3º.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica, expresando o réxime de recursos que contra a mesma caiban.”

RECURSOS:

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poden interpor alternativamente recurso de reposición potestativo ante á Alcaldía, no prazo dun mes a contar dende o día seguinte á recepción





Concello de Xinzo de Limia

da presente notificación, de conformidade cos artigos 123 y 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, a contar dende o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Se optase por interpoñer recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se teña producido a súa desestimación por silencio administrativo. Igualmente poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren procedente y sexa conforme a dereito.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

